



Ruta do Medievalo Etapa 1

Club de Montaña O Carroucho
www.carroucho.org

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

20 de Xaneiro de 2018

Datos Básicos

Comezo: Betanzos
Remate: Reboredo
Distancia lineal: 19 km.
Duración aproximada: 5 horas
Dificultade: Media.
Altura Máxima: 430 m.
Altura Mínima: 41 m.
Acumulado: 774 m

Sáímos de Betanzos, localidade situada a 24 km. da Coruña. Nesta vila bañada polo Mandeo celébranse numerosas feiras ó longo do ano. Betanzos foi bautizada polos romanos como "Brigantium". Sitúase nun outeiro no que antigamente atopabase un castro, ó fondo da ría de Betanzos, mais aló da zona de marisma do Mandeo. Foi unha das sete principais cidades do Antigo Reino de Galicia, e está declarada conxunto histórico-artístico. Tres igrexas góticas danlle carácter: Santiago, Santa María do Azogue e San Francisco. Ésta última contén os máis carismáticos




sepulcros medievais, como o de Pérez de Andrade, sostido por dous animais, simbólicos para a súa linaxe, o xabarín e o oso. Tamén son salientables os pazos de Bendaña, Taboada e Torre Lanxós, e o parque "O pasatempo". Os seus creadores, emigrantes en América, anticipáronse ó concepto do moderno parque temático. Seguimos cara o Campo dos Caneiros. Ó lado do camiño veremos a Fonte dos Ánxeles. Estes son os lugares nos que se celebraban as tradicionais romerías das Brañas. O camiño sube bordeando o Mandeo. Neste río pescábanse hai tempo lampreas. Precisamente da arte de pesca para facerse con este exquisito peixe, viría o nome de Caneiros. Podense ver tamén algúns viñedos que lembran aqueles tempos na Idade Media nos que o viño era o produto máis salientable no incipiente comercio de Betanzos. Un viño, o Branco Lexítimo que hoxe está sendo recuperado por varias bodegas da comarca, e que sempre fora un produto moi ben considerado. Os primeiros galeons que partiron a América levaban viño de Betanzos. A historia da romería dos Caneiros, nada ten que ver coa festa que se celebra hoxe en día. Os Caneiros era unha festa das clases altas da Coruña que levantaba bastante indignación entre as clases populares que, co paso do tempo, acabaron incorporándose á festa e subindo en lancha o Mandeo ata o campo dos Caneiros que foi habilitado en 1902. O campo, propiedade do concello de Betanzos, sitúase hoxe no termo municipal de

Coirós e costóu, no 1902, 1.500 pesetas. Os plátanos alí prantados, un total de 1.800 pesetas. Todo un dineral para a época. Antes de chegar ó couro de Chelo, o camiño levanos por unha pequena subida cara ó seguinte punto de interés, a igrexa de Vilamourél. Esta igrexa respecta á tipoloxía dos templos románicos da zona das Mariñas cunha soa nave con cuberta de madeira e ábsida abovedada no interior. Situada en Paderne, a estrutura exterior está reforzada por contrafortes prismáticos nunha boa parte da nave e na ábsida. A fachada presenta espadaña barroca e unha fornella na que hai anos estaba a imaxe de San Juan Evangelista. As portas laterais son de carácter sinxelo, estreitas e de tímpano liso. A sancristía, parte dos muros e a fachada son froito dunha reforma moderna de finais do século XVIII e principios do XIX. Tamén ó lado da estrada poderemos ver o Muíño Lama da Ribeira. Atópase nas augas do regato Meizoso, afluente do Mandeo.



Nosa seguinte parada vai ser a Igrexa de Santiago de Adragonte, de estilo barroco e do século XIX, así como o seu cruceiro, erixido no século XVIII. Xusto na parte trasera desta Igrexa parroquial atopamos o sepulcro antropoide de Santiago de Adragonte, datado no século XII e considerado unha peza única e de grande importancia dentro do patrimonio galego. Continuamos o noso percorrido seguindo a ribeira do Rio Lambre e logo de visitar pequenas vilas como O Lapido, Tiulfe, Os Chaos ou Escañoi, chegamos ó final da etapa en Reboredo, no concello de Monfero.



Próxima Ruta:
Ruta do Medievalo Etapa 2
17 de Febreiro